

Universidade de Vigo

Normativa para programas de mobilidade

Facultade de Ciencias

Aprobado na Xunta de Facultade do 29 de maio de 2025

Facultade de Ciencias

Universidade de Vigo

Facultade de Ciencias
Edificio Politécnico
As Lagoas s/n
32004 Ourense

Referencia: 1
Documento: mobilidade
Data: 29/05/2025
Páxinas: 7

Contido

1. Obxecto.....	3
2. Estudantes saíntes	3
2.1. Información adicional	3
2.2. Responsabilidades do estudantado	3
2.3. Requisitos	3
2.4. Requisitos das prácticas externas	3
2.5. Nivel de idiomas	4
2.6. Máximo de créditos	4
2.7. Criterios de selección.....	4
2.9. Elaboración do contrato de estudos	5
2.10. Modificación do contrato de estudos.....	6
2.11. Recoñecemento dos estudos.....	6
3. Estudantes entrantes	6
3.1. Recepción.....	6
3.2. Nivel de idiomas	7
3.3. Materias recomendadas	7
3.4. Número máximo de créditos	7
4. Aplicación	7

1. Obxecto

A presente normativa reguladora dos programas de intercambio nacional e internacional (SICUE, Erasmus+, ISEP, acordos bilaterais etc.) é específica para as titulacións da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo (UVigo). Esta normativa complementa o Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo, así como as convocatorias dos diferentes programas de mobilidade.

2. Estudantes saíntes

2.1. Información adicional

O estudantado pode atopar información actualizada das universidades con acordo vixente coa Facultade de Ciencias consultando a persoa responsable de mobilidade da Facultade de Ciencias (studentmobility.fcou@uvigo.gal). Non obstante, é obriga do estudantado conseguir información específica das universidades de destino.

2.2. Responsabilidades do estudantado

O estudantado que desexe realizar unha estancia deberá aterse, no relativo ás solicitudes e á tramitación, á información proporcionada en cada convocatoria pola Oficina de Relacións Internacionais (ORI) da Universidade de Vigo. A/O estudante será o/a responsable de obter toda a información necesaria e cumprir con todos os requisitos marcados tanto pola ORI coma pola Facultade de Ciencias ou a universidade de destino.

2.3. Requisitos

O estudantado solicitante deberá cumprir os requisitos fixados pola UVigo en cada unha das convocatorias. No caso de intercambio de estudantes de grao, deberán ter superados polo menos 60 ECTS no momento da publicación da convocatoria.

O estudantado de mestrado ou de grao que realice un intercambio deberá estar matriculado na UVigo no curso académico da estancia. O número máximo e mínimo de créditos de matrícula virá determinado pola normativa de matrícula aplicable e, de ser o caso, a normativa da UVigo.

No caso de intercambio de estudantes de mestrado, o estudantado deberá estar matriculado na UVigo no momento da publicación da correspondente convocatoria.

O estudantado que se atope cursando un programa conxunto (PCEO) deberá optar no momento da solicitude pola titulación para a que desexe realizar o intercambio.

2.4. Requisitos das prácticas externas

- Ter superado polo menos o 50 % dos créditos de que conste a titulación. Este requisito non é aplicable para o alumnado de mestrado e de doutoramento.

- Non manter relación contractual coa empresa proposta para realizar as prácticas.
- Acreditar o nivel de coñecemento do idioma que lle permita desenvolver as prácticas.

As horas realizadas poderán ser recoñecidas como prácticas curriculares ou extracurriculares segundo o procedemento establecido pola Facultade de Ciencias. No caso de prácticas curriculares, o alumnado deberá estar matriculado nesta materia.

2.5. Nivel de idiomas

Cando non se especifique ningún nivel na convocatoria correspondente, entenderase como requirimento mínimo o B1 en inglés acreditado oficialmente cun certificado recoñecido pola Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior, ou polas táboas lingüísticas da CRUE, así como se recolle no Regulamento de mobilidade internacional (aprobado no consello de goberno do 7 de maio de 2013 e modificado no consello de goberno do 9 de outubro de 2017, de xullo de 2020 e de xuño de 2024). Tamén serán válidas as certificacións expedidas pola Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, nas que se indique o nivel de idioma alcanzado ao cursar certas materias na Universidade de Vigo. Ademais, é necesario ter en conta que hai destinos que fixan un requisito de idioma para o estudantado entrante, xa sexa inglés ou o idioma do país de destino. O estudantado que solicite estes destinos deberá cumprir o requisito do idioma nese caso ou non será elixible para a praza.

2.6. Máximo de créditos

Nos estudos de grao, o período de estudos cursado no centro asociado pode ser cuatrimestral ou anual. No caso de intercambio cuatrimestral, poderanse recoñecer ata un máximo de 36 ECTS e, no anual, 72 ECTS, sempre e cando a normativa de matrícula o permita. No mestrado, só se poderá cursar un cuatrimestre noutra universidade e recoñecerase ata un máximo de 30 ECTS.

2.7. Criterios de selección

Para as convocatorias nas que a avaliación recaia na persoa responsable da Facultade de Ciencias (como Erasmus+ etc.), a selección realizarase atendendo aos criterios fixados na convocatoria e aos seguintes criterios adicionais:

- Media do expediente académico da/o estudante.
- Nos expedientes coa mesma nota media e peticións de destino coincidentes, daráselle preferencia ao alumnado que non gozase con anterioridade dunha bolsa de mobilidade. Se persiste a coincidencia, terá prioridade o alumnado que posúa unha cualificación superior no idioma do país de destino ou, no seu defecto, en inglés.
- Cando se estableza un requisito de idioma, non será elixible para o destino o estudantado que non o cumpra.
- No caso de que alguén teña todas as súas alternativas escollidas por outras persoas que lles tocaba elixir antes, permitiráselle escoller outra posibilidade durante a reunión organizada para distribuír as prazas (realizada entre as datas de publicación

da listaxe provisional e a definitiva).

O citado proceso de avaliación e selección será levado a cabo pola persoa responsable de mobilidade da Facultade de Ciencias, que posteriormente lle remitirá a listaxe definitiva á ORI nos prazos establecidos na convocatoria ordinaria.

No caso das Erasmus Prácticas, o proceso de selección e do plan de traballo será realizado directamente a través Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo.

2.8. Elaboración do contrato de estudos

Unha vez resolta a asignación de prazas, o estudantado seleccionado deberá realizar o seu contrato de estudos (*Learning Agreement*), coa colaboración da persoa responsable do programa de mobilidade no centro, que será o garante da adecuación ás materias que se recoñecerán en función das competencias e resultados de aprendizaxe das materias realizadas no destino.

Para establecer este contrato, buscarase a máxima afinidade de temario e de carga lectiva, establecendo como base de medida o crédito ECTS. A/O responsable de mobilidade poderá axudar a que o estudantado poida realizar a escolla máis axeitada e viable. En ningún caso os recoñecementos realizados en anos anteriores sentarán precedente.

As materias cursadas na universidade de destino deberán equivaler en duración e contidos ás que se pretenden validar na Universidade de Vigo. A diferenza de créditos ECTS entre a universidade de destino e a Universidade de Vigo non pode superar o 15 %.

No caso de mobilidade SICUE, as materias da universidade de destino que se recoñezan por materias optativas definidas nos distintos graos ofertados na Facultade de Ciencias poderán ter contidos diferentes dos ofrecidos nas materias optativas, pero estes deberán ser novos (é dicir, non cubertos noutras materias do currículo local).

Non se poderán incluír no contrato de estudos materias pendentes, que xa foran cualificadas como suspenso polo menos unha vez na Universidade de Vigo, salvo que a persoa responsable de mobilidade do centro o acepte tras a súa valoración.

A aceptación do contrato de estudos por parte da persoa responsable do programa de mobilidade no centro, previamente á realización da estancia, será imprescindible para poder realizar a mobilidade, así como tamén para o recoñecemento dos estudos realizados no estranxeiro e en territorio nacional. A data límite para a súa presentación quedará reflectida na convocatoria do programa correspondente.

No caso do traballo de fin de grao/traballo de fin de mestrado (TFG/TFM), o estudantado debe ter asignado unha/un docente tutor/a na universidade de destino e designarase a persoa responsable de mobilidade no centro como cotutor/a só para supervisar os trámites que se desenvolverán na Universidade de Vigo.

Permitirase realizar o traballo de fin de grao (TFG) nunha universidade allea coas seguintes condicións:

- Estar matriculado en todas as materias/créditos que lle falten para rematar a titulación.

- Se a carga de traballo e as condicións do TFG na universidade de destino son similares ou máis esixentes ca as dos graos ofertados na Facultade de Ciencias, non será necesario defender o TFG na Facultade de Ciencias, se este xa foi avaliado no destino.

2.9. Modificación do contrato de estudos

Se a/o estudante, unha vez no destino, atopa dificultades para cursar as materias do contrato de estudos, poderá solicitar modificacións nel. Para que esta modificación sexa posible, é imprescindible a aceptación da persoa responsable do programa de mobilidade no centro, que garante, en todo caso, a adecuación ás materias que se modifican.

Paralelamente, o alumnado pode estar matriculado noutras materias exclusivamente na Universidade de Vigo, con carácter de matrícula ordinaria. Non se poderán realizar cambios no carácter das materias, é dicir, pasar de matrícula ordinaria a matrícula baixo acordo de mobilidade ou viceversa. Excepcionalmente valorarase, por parte da persoa responsable de mobilidade, a admisión de cambios entre materias de matrícula ordinaria e matrícula baixo acordo de mobilidade, no caso de que se xustifique a imposibilidade de cursar a materia en destino.

2.10. Recoñecemento dos estudos

O recoñecemento de estudos na Facultade de Ciencias realizarase materia a materia, salvo cuestións excepcionais que deben ser aprobadas especificamente pola/o responsable de relacións internacionais.

O recoñecemento de estudos só afectará ás materias nas que o estudantado se atope matriculado na Universidade de Vigo durante o curso académico no que se realice o intercambio, e que aparezan no seu contrato de estudos. Este recoñecemento realizarase por parte da persoa responsable do centro, unha vez que se reciba do destino o documento orixinal no que consten as cualificacións acadadas pola/o estudante.

Este recoñecemento só será efectivo cando o alumnado estea de volta na Universidade de Vigo. Os certificados coas notas das materias cursadas nas universidades de destino (*Transcript of Records*) serán remitidos por estas directamente á ORI ou á persoa responsable de mobilidade da Facultade de Ciencias.

As cualificacións acadadas no destino transcribíranse á materia correspondente da Universidade de Vigo. No caso de que o intervalo de cualificacións no destino sexa distinto ao da universidade española, usarase como referencia, para a transcripción de notas, o cadro de conversión elaborado pola ORI baseado no documento do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades para a «Equivalencia de notas medias de estudos universitarios realizados en centros estranxeiros».

Cando o estudantado non supere unha materia, poderá presentarse a un segundo exame na universidade de destino, se se ten en conta esta posibilidade. En ningún caso poderá facelo na Universidade de Vigo dentro do mesmo curso académico.

3. ESTUDANTES ENTRANTES

3.1. Recepción

A Facultade de Ciencias, na súa vocación de internacionalización, recibirá estudantes procedentes doutras universidades nacionais e estranxeiras. As/Os estudantes destas universidades poderán contactar coa persoa responsable do centro a través do enderezo electrónico studentmobility.fcou@uvigo.gal.

3.2. Nivel de idiomas

A docencia na Facultade de Ciencias impártese en castelán ou en galego. Será obrigatorio para o estudantado entrante un nivel mínimo de B1 en castelán.

3.3. Materias recomendadas

A Facultade de Ciencias dispón dalgunhas materias que se imparten baixo a modalidade *English Friendly*. Recomendaráselle ao estudantado cun baixo coñecemento de castelán que seleccione estas materias no seu contrato de estudos.

Para o estudantado que non consiga aprobar as materias na convocatoria 1.^a ordinaria e teña que usar a convocatoria 2.^a ordinaria (xullo), no caso de non poder asistir á data de exame oficial, facilitaráselle por parte do profesorado da Facultade de Ciencias, en coordinación coa universidade de orixe, unha alternativa viable de data ou modalidade que permita avaliar a materia.

3.4. Número máximo de créditos

No caso de intercambio cuadrimestral, o estudantado poderase matricular ata nun máximo de 36 ECTS e, no caso de intercambio anual, 72 ECTS.

4. Aplicación

A presente normativa entrará en vigor para o curso 2025/2026.